



## *Budismo y cristianismo en diálogo*

José Luis Meza Rueda, compilador, Facultad de Teología Pontificia Universidad Javeriana / Editorial San Pablo, Bogotá, 2018, 100 pp.

Hai xa dez anos da publicación de *Without Buddha I Could Not Be a Christian*, obra do especialista norteamericano en teoloxía das relixións Paul Knitter. Non é doado quedar indiferente ante un libro que enfrenta o diálogo interrelixioso nunha perspectiva tan provocadoramente autobiográfica desde o mesmo título. A raíz da súa aparición en lingua castelá<sup>1</sup>, a Facultade de Teoloxía da Pontificia Universidade Javeriana de Bogotá organizou un panel, cuxo contido reproduce, en parte, e reelabora o libro aquí recensionado. Como di o compilador, este volume colectivo propón un «diálogo dialgal, non dialéctico» consonte co indicado en documentos do

Concilio Vaticano II (*Nostra aetate, Gaudium et spes*). Tras a introdución, conforman o libro seis capítulos, a cargo doutros tantos especialistas, teólogos católicos agás no primeiro caso. Complementan á obra un breve glosario de termos da tradición budista e unha recensión curricular dos autores. Vaiamos agora ao contido de cada unha das contribucións.

1.- «**Misticismo cristiano y budismo zen**». Densho Quintero, mestre da Escola Zen Soto, bosquexa un panorama comparativo das tradicións cristiá e budista na busca dos aspectos mutuamente enriquecedores. Tras un repaso histórico dos contactos do budismo co Occidente, desde os séculos XVI-XVII, conclúe que, pese a malentendidos e diferenzas reais, o achegamento doutrinal e práctico entre ambas as tra-

1 *Sin Buda no podría ser cristiano*, Fragmenta Editorial, Barcelona, 2016. Recensión de Victorino Pérez Prieto en *Encrucillada*, n.º 203 (maio-xuño 2017), pp. 104-107.

dicións é posible e desexable. Advirte as semellanzas entre as vidas de Xesús e Gautama e entre algúns aspectos das súas doutrinas e sinala a vía negativa dos místicos como o punto de maior proximidade entre cristianismo e budismo. Botando man de místicos cristiáns e mestres budistas, subliña os puntos de contacto entre ambas as tradicións: a acción sen mérito, oposta á espiritualidade como enriquecemento do eu; a liberación do odio, a arrogancia, o medo, a cobiza; a revelación da esencial identidade co outro; o descubrimento da impermanencia e do eterno presente; a compaixón, nacida da conciencia de que todos compartimos o mesmo sufrimento; en fin, a acción para alivalo nunha entrega total. Finalmente, máis alá das diferenzas teóricas e prácticas entre ambas as tradicións, algunhas quizais insalvables, o autor conclúe convidando a verificar a validez do proposto nas accións e relacións cotiás, pois «a mente ordinaria é Buda e o camiño continúa».

**2.- «El silencio de Dios, el silencio del Buddha».** José Luis Meza Rueda parte das consideracións de R. Panikkar

sobre a *sigefobia* –o medo ao silencio– como enfermidade típica do home moderno. Todo o artigo, con abundantes citas do mestre indocatalán, case é unha pequena introdución ao seu complexo pensamento. A exposición baséase en dous presupostos. Primeiro: a vida na súa profundidade escapa, se non somos quen de saborear a Realidade e o Misterio, se non temos aberto o terceiro ollo, o ollo da contemplación, do espírito, da fe. Para iso, é preciso silenciar o ollo empírico, sensual, e o ollo mental, racional. Segundo: non hai silencio sen conciencia de que nada é autosuficiente e de que todas as cousas están relacionadas nunha relatividade radical. Deus mesmo é unha realidade relacional, peculiaridade do misterio divino que nos conduce ao silencio, superando a tentación de verbalizalo todo. O silencio lévanos a vivir a experiencia espiritual como experiencia da Vida, como vida humana na súa plenitude. Espiritualidade que non se esgota na relación Home-Deus senón que, abríndose á Realidade en canto tal, inclúe ao Mundo. Por outra banda, este enfoque per-

mite descubrir a complementariedade do silencio e da palabra. Así, habería que entender o calar de Buda como un intento de facer falar ao mesmo silencio e de deixar que as palabras retornen ao silencio orixinario.

**3.- «La estructura retributiva de la acción humana: una lectura cristiano-budista».** Nelson Mafla Terán parte da tendencia a ver a acción humana como un puro medio para obter un resultado práctico. As relixións, coas promesas de premios e castigos, contribuíron a configurar esta lóxica retributiva; pero budismo e cristianismo superaron tal lóxica utilitaria con outra de liberdade e gratuidade. A proposta de Buda –sen referencia a Deus– é un camiño cara a interioridade humana que desemboca na compaixón e no amor a todas as criaturas. O coñecemento dun mesmo, a diagnose das causas xeradoras do sufrimento, a meditación silenciosa, o seguimento dunha vida recta: todo iso son aspectos desta senda púdica de autodoazón e benaventuranza. Xesús, pola súa banda, traza un camiño de realización persoal a través da apertura aos outros, sobre todo a aqueles dos

que ninguén se ocupa. E faino vivindo a súa existencia desde un Deus Pai que nos converte en irmáns e irmás e que quere para os seus fillos e fillas unha vida digna e ditosa. O acceso a Deus queda así mediado pola entrega a prol do outro; e a salvación, xa no aquí e no agora, consiste na autodoazón de balde aos demais. Ambas as vías, cada unha ao seu xeito, levan a un estilo de vida absolutamente necesario nestes tempos de utilitarismo rampante. Subliñar a complementariedade das dúas, poñéndoas en diálogo, é una tarefa ineludible.

**4.- «Una praxis liberadora budista-cristiana».** Paul F. Knitter explica que as propostas liberadoras de Xesús e Buda parten da consciencia da universalidade do sufrimento: Buda atende a cuestións existenciais da condición humana; Xesús, sen esqueceras, responde ao contexto histórico político da opresión de Israel por Roma. Cristiáns e budistas teñen que aprender os uns dos outros se queren acadar o prometido polo Dharma e polo Evanxeo. A interpelación do cristianismo ao budismo consiste en mostrar as derivacións sociais da cobiza

egocéntrica, da ignorancia da nosa condición de *anatta* («non un mesmo»), da nosa natureza de seres interrelacionados. Todo isto transcende o plan individual e consolídase en estruturas sociais e políticas pecaminosas. Non chega, pois, a compaixón, cómpre a xustiza. Tampouco, a atención plena, se non inclúe unha dimensión social, que leve á «opción preferencial polos pobres» ou polo menos á consideración do «privilexio hermenéutico dos pobres». Pola súa banda, o desafío budista á praxe cristiá sinala a imposibilidade de transformación social sen a persoal, e aínda unha certa prioridade ontolóxica (como *conditio sine qua non*) desta sobre aquela. É xusto a consciencia da nosa unidade co *Abba* en Cristo e da interconexión de toda a realidade, o que fai posible o noso compromiso liberador con todos os que sofren. Máis que unha «opción preferencial polos pobres» cómpre unha «opción non preferencial pola compaixón»: «Deus non ten favoritos», e tanto o opresor como o oprimido deben ser acollidos baixo da mesma compaixón, aínda que nalgún caso esta poda ser «feroz». Liberemos da

súa impotencia e indefensión ao oprimido; enfrontemos ao opresor coas súas actitudes xeradoras de sufrimento e retémolo ao cambio. O obxectivo é sempre acadar una humanidade máis plena.

5.- «Un diálogo con Paul Knitter y *Sin Buda no podría ser cristiano*». Victorino Pérez Prieto presenta á persoa e a obra de P. F. Knitter, destacando a ligazón das súas traxectorias existencial e intelectual, a súa sensibilidade para os problemas da América Latina, e a súa proposta dun «matrimonio entre teoloxía da liberación e teoloxía do pluralismo relixioso». Trata tamén a súa relación epistolar con Knitter, na que aparecen os puntos de converxencia do pensamento dos dous (dupla pertenza relixiosa, aprecio pola mística, non dualidade, concepto de creación), e algún aspecto diverxente (cristoloxía). Ao comentar *Sin Buda no podría ser cristiano*, sinala a énfase do autor na dupla pertenza relixiosa, (sen promiscuidade nin hibrideza, como Panikkar e Schluter), non só posible senón necesaria no seu caso persoal. Knitter recoñece a Xesús e a Buda como igualmente impor-

tantes, e confía en que algún budista escriba pronto un *Sen Cristo no podería ser budista*. Desde a simpatía pola arriscada e anovadora proposta de Knitter, Pérez Prieto critica o tratamento algo superficial dalgúns dos moitos temas abordados: así a distinción entre Deus como persoa e Deus como persoal, ou a reelaboración da fe trinitaria e da divindade de Cristo. Por iso –pensa– os expertos de ambas as tradicións poden atopar discutibles algunhas formulacións. Por último, sitúa o empeño de Knitter en análoga liña innovadora que os de Panikkar ou Teilhard de Chardin.

O libro ofrécenos un achegamento plural a este imprescindible diálogo, desde cinco miradas diferentes, pero unificadas por varios elementos. O primeiro é o motivo desencadeante do volume: a versión castelá da obra de Knitter, reexaminada agora no capítulo 5 e prolongada no 4 cunha nova contribución do autor. O segundo, a presenza de Raimon Panikkar, que alenta todo o conxunto e a quen se dedica o libro. Non en van, o compilador e outro dos coautores traballan no estudo e difusión do legado

panikkariano<sup>2</sup>. E, por último, a atmosfera que o unifica todo é a actitude dialogal coa que os participantes se achegan ao asunto tratado. Aínda que un poida botalo de menos, non sería xusto pedir a unha obra destas características un desenvolvemento máis polo miúdo dalgunhas cuestións. Benvida sexa, pois, esta nova invitación a un diálogo interrelixioso reflexivo e sereno.

**Ramón Cao Martínez**

---

2 Da abundante e estimable dedicación a Panikkar de Pérez Prieto, baste mencionar a obra en colaboración co editor do libro que estamos a comentar: Victorino Pérez Prieto y José Luis Meza Rubio, *Diccionario Panikkariano*, Herder, Barcelona, 2016 (Recensión de Xosé Antón Miguélez Díaz en *Encrucillada*, n.º 203, maio-xuño 2017, pp.110-112).